



# Programa de Educación Cívico-Tributaria

**BACHARELATO E CICLOS GRAO SUPERIOR**



Curso 2011-12

Algún de vós coñece o Programa de Educación Cívico-Tributaria?

Se é así, por quen?



## España: Datos xerais 2011

- España é un Estado territorialmente organizado en 17 Comunidades e 2 Cidades Autónomas

- Forma de Estado: Monarquía parlamentaria

- Superficie: 504.782 Km<sup>2</sup>

- Poboación: 47.190.493 habitantes (12,2% residentes estranxeiros)

- Densidade demográfica: 93,4 habitantes/Km<sup>2</sup>

- Poboación urbana: 79% (en poboacións de máis de 10.000 habitantes)

- Moeda: Euro (€)

- Produto Interior Bruto (PIB): 1.073.383 millóns de €

\* Fonte: INE



## España: Datos económicos 2011

### •Ocupación por sectores da actividade

- Servizos: 73,93%
- Industria (incluída a construción):20,93%
- Agricultura e gandaría:4,39%
- Enerxía: 0,75%

### •PIB por ramas de actividade máis destacadas

- Servizos: 66,91%
- Industria:11,69%
- Construción:8,53%
- Enerxía: 2,89%
- Agraria, gandeira e pesqueira:2,86%

### •Industrias españolas máis importantes

- Alimentación
- Fabricación de automóviles
- Química
- Produtos metálicos

### •Sectores exportadores máis representativos

- Automóvil
- Semimanufactureiro
- Bens de equipo

- Un dos principais destinos do turismo mundial:56,69 millóns de turistas en 2011

•Fontes: INE e Instituto de Estudos Turísticos



## Que é a Axencia Tributaria? (I)

### Creación:

- Nace o 1 de xaneiro de 1992, como Ente de Dereito Público
- Adscríbese ao Ministerio de Economía e Facenda, a través da Secretaría de Estado de Facenda e Presupostos\*

### A súa actuación inspírase nos seguintes valores:

- Respecto á Constitución e ás normas
  - Responsabilidade profesional
  - Lealdade á institución
  - Respecto ás persoas
- Transparencia na información e na actuación

\*Actualmente: Ministerio de Facenda e AAPP, e Secretaría de Estado de Facenda

*Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...*



## Que é a Axencia Tributaria? (II)

### Obxectivo


**Incrementar o nivel de cumprimento voluntario dos contribuíntes**



### Liñas de actuación

- **Facilitar ao cidadán o cumprimento voluntario das súas obrigas fiscais**
- **Reforzar as actuacións de control e loita contra a fraude**

*Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...*



Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...



## Implantación territorial

<b>Delegaciones especiales</b>	<b>17</b>
<b>Delegaciones Provinciais</b>	<b>51</b>
<b>Administraciones</b>	<b>202</b>
<b>Administraciones de Alfándegas</b>	<b>36</b>
<b>Delegación Central de Grandes Contribuintes</b>	<b>1</b>

*Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...*



## Que é a Axencia Tributaria? (III)

### Misión

Correspóndelle a aplicación efectiva do sistema tributario estatal e aduaneiro, de forma que se cumpra o principio de que todos os cidadáns han de contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa **capacidade económica (art. 31 Constitución)**

**A capacidade económica mídese por: os ingresos, o consumo e a riqueza**

Realiza a xestión, inspección e recadación dos tributos estatais

Fomentar o cumprimento polos cidadáns de as súas obrigas fiscais

**Forzar a conciencia fiscal da sociedade como deber cívico (PECT 2003)**

*Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...*

Preguntarlles: Que sabedes da Axencia Tributaria?

Dicirlles o que figura na diapositiva.

Importante o da capacidade económica. Preguntarlles se alguén coñece que é a capacidade económica e se lles parece ben que ese criterio sirva para achegar máis ou menos impostos.





## Necesidades dun Estado de Benestar pagadas colectivamente



### Infraestruturas



**SERVICIOS MUNICIPALES**  
Policía, bomberos, xardineiros...

Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...

Sabedes cando se pode falar dun Estado do benestar? Que condicións se teñen que dar?

Que estados do benestar coñeces?

Que servizos públicos coñeces e cales son para ti os esenciais?

A cales non queredes renunciar nunca? Dicirlles que o que vén a continuación lles interesa porque lles afecta economicamente á súa vida.

## Ensino público en España 2011

### Custo da túa praza escolar



Unha praza de Primaria costa ao ano: **4.576 euros**

Unha praza de ESO: **6.508 euros**

Unha de Bacharelato e Ciclos: **9.354 euros**

Ciclos superiores: **7.939 euros**

Un alumno cursa 6 anos en Educación Primaria,  
4 en Educación Secundaria e 2 en Bacharelato

A Universidade custa ao presuposto público por alumno máis de **30.000 euros**

A vida educativa dun español custa a todos os cidadáns uns **100.000 euros**

*Fonte: Ministerio de Educación*

*Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...*

Sabes o que custa o teu posto escolar? Canto te imaxinabas?

Os alumnos len os datos desta diapositiva. Posteriormente pregúntase e coméntase por estes custos.

## Sanidade pública en España.Ano 2011



- **Custo medio paciente hospitalizado: 5.053 €**
- **Custo medio acto cirúrxico: 5.150 €**
- **Estancia hospital custo/día: 685 €**
- **Atención primaria (ex. cada aragonés): 500 €/ano**
- **Parto normal: 1.870 € Con cesárea: 3.028 €**
- **Radiografía: 21 € Resonancia: 300-560 €**
- **Apendicite: 3.106 € Artroscopia: 3.328 €**
- **Fractura perna ou brazo: 4.494 €**
- **Fractura de cadeira: 7.677 €**
- **Prótese de xeonllo: 11.073 €**
- **Unha sesión de quimioterapia: 3.363 €**
- **Cataratas: 1.533 €**
- **Transplante cardíaco: 105.276 €**



Fonte: Ministerio de Sanidade

Algún fixo uso recentemente da sanidade pública?

Cando sodes usuarios desta sanidade, sabedes o custo que ocasionades? Canto custou a túa saúde ou a da túa familia o ano pasado?

Que vos parece o gasto en farmacia? Como se podería ou se debería reducir?

Coñeces como é o sistema sanitario da primeira potencia mundial?

(Ter en conta que a partir de 2010 e baixo a presidencia de Obama se inicia unha reforma do sistema sanitario en prol da universalización. Se ben anteriormente a esa reforma en EUA só existían 2 programas públicos:

-Medicare: para anciáns

-Medicaid: para indixentes

Segundo varios estudos estadounidenses, polo menos, o 25% da poboación non estaba cuberto nin por un seguro público nin por un privado)

Comparar o sistema español co do país con maior riqueza. Se tivésedes que pagar todos os gastos sanitarios de toda a familia durante un ano, repercutiríavos no voso día a día económico? Os teus avós poderían asumir calquera gasto sanitario dos que figuran na pantalla e vivir igual?



## Infraestructuras

1 km de autovía cuesta entre **2 e 3 millóns** de euros (orografía chá)  
1 km de autovía con túneles e pontes cuesta entre **5 e 8 millóns** de euros  
1 km de alta velocidade costa en torno a **12 millóns** de euros



**En España hai preto de 10.000 km de autovías e máis de 2.000 km de alta velocidade**

*Fonte: Ministerio de Fomento*

Que lean os custos en infraestruturas. Pedir opinión sobre o seu custo. Cal os sorprende máis. Valóranse e coñecen a contía destes investimentos os cidadáns?

É adecuado que todos os cidadáns paguen as infraestruturas do AVE e logo moitos deles non poden utilizalo polo seu elevado custo? pareceche ben que desaparecesen outros trens convencionais máis baratos e, polo tanto, alcanzables para todos?

Favorecer o debate entre os alumnos.



## Pensiones públicas 2011

### Pensiones de xubilación



- Hai preto de **9.000.000 pensionistas** da Seguridade Social
  - ❖ Xubilación: **5.203.364**
  - ❖ Incapacidade: **935.514**
  - ❖ Viuvez: **2.302.060**
  - ❖ Orfandade: **270.488**
- O **gasto total anual de pensións** a cargo da Seguridade Social é de **112.000 millóns €**  
Contributivas: 99.100 millóns: 7.000 /mes

### Pensiones de invalidez



- En 2011, a **pensión media** en España (xubilación, incapacidade, viuvez, orfandade e a favor de familiares) é de **797,92 € mensuais**
- Pensión media mensual de xubilación: **905,94 €/mes**  
Mínima: 601,40 €. Máxima: 2.497,91 €. Viuvez: 575,34 €;  
Orfandade: 351, 26 €. Incapacidade: 855,60 euros

Os alumnos lerán os datos da diapositiva.

Comentar como funciona o sistema de pensións.



Propoñer como debate que existan pensións de xubilación máximas e mínimas, á marxe do que se cotizase.

Que se poñan os alumnos no lugar de que tivesen que cobrar xa a pensión.

Uns a máxima e outros a mínima.



## Solidariedade co Terceiro Mundo mediante presupostos públicos



**Nos presupostos públicos tamén hai gastos  
para cooperación e axuda ao desenvolvemento**

**Os países que máis axudan ao Terceiro Mundo están en  
Europa: Dinamarca, Noruega, Luxemburgo, Holanda e Suecia,  
son os únicos que destinan o 0,7% do PIB  
España dedica o 0,4% do PIB**

Nos presupostos públicos tamén hai partidas para a Cooperación ao Desenvolvemento.

Aínda que existe un compromiso en Nacións Unidas de contribuír os Estados co 0,7% do PIB á Cooperación do Desenvolvemento, só o cumpren os países nórdicos. Que vos parece este tipo de axuda?



## Presupostos Públicos



- **Presupostos Xerais do Estado**



- **Presupostos Comunidades Autónomas**



- **Presupostos Deputacións Provinciais**



- **Presupostos municipais**




Falar do Estado descentralizado das Autonomías en España.

Preguntar que é un presuposto. Explicar, se é o caso.



### Gastos Administraciones Públicas\*



Fonte: Intervención Xeral da Administración do Estado  
\*Últimos datos consolidados publicados 2010


Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...

Esta é a distribución de gastos por Administracións Públicas en 2011. Esta diapositiva pon de manifesto o custo dos servizos públicos nas distintas Administracións. Cómpre destacar os gastos en pensións. No déficit español, as comunidades autónomas teñen o maior peso.





## En que gasta 1 €



Últimos datos consolidados publicados 2009

Fuente: Intervención Xeral da Administración do Estado (Ministerio de Facenda e AAPP)


Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial/ Delegación de..., Administración de...

Preguntarlles aos alumnos que impostos pagan. Formularlles que se lles desen a opción de distribuír parte dos seus impostos como quixesen, de que forma repartirían eses recursos.



## Presupostos xerais:Gastos públicos.Ano 2012


311.776 millóns de euros



Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...



## Recursos comunidades autónomas Sistema financiación común



Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...

Todas as autonomías necesitan moitos recursos económicos para poder pagar os servizos públicos que demandan os cidadáns. Os ingresos proceden das fontes que figuran na diapositiva. Lelos e, no seu caso, ofrecer a posibilidade de comentalos.



## Dende cando existen os impostos?



- Na Antigüidade xa tiveron impostos. Grecia e Roma, cubrían os gastos públicos (guerras, construción de acuedutos, teatros...) cos aranceis sobre o importado e exportado, os bens dos gobernantes e os impostos sobre os gastos e consumos e sobre a renda ou o patrimonio. Entre eles estaban: **Estipendium (tributo directo sobre terras provincias conquistadas), décimo (Décima parte froitos terra), portaxes, pontaxes...**
- Na Idade Media houbo, ente outros, os seguintes impostos: **Regalias (Pagamento ao Sr. Feudal por licenza comercio ou industria), gabelas (Por comprar ou vender algo), almoraxarifado, (dereitos polas mercadorias que entraban e saían), alcabala (tributo do forasteiro polos xéneros que vendía)...**
- Na Idade Moderna, uns impostos inxustos e o seu mal uso deron lugar a conflitos e revoltas (Comuneiros de Castela). **Imposto sobre o papel selado para documentos oficiais, creáronse moitos impostos indirectos.**
- Na Idade Contemporánea, os impostos tamén foron protagonistas. O Parlamento aproba as leis fiscais.

Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...

Os impostos non son un descubrimento español nin deste século nin do pasado, senón que existiron dende a antigüidade. Ler e comentar os distintos impostos se dá tempo, se non o hai, citar de pasada. Non se descubriu outro sistema de ingresos diferente aos impostos para financiar os servizos públicos.

A algún de vós ocórresevos algo?



## Impostos Indirectos: Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)



**Tipo xeral: 21% Tipo reducido:10% Tipo superreducido:4%**

As entregas de bens e prestacións de servizos pasaron do 8% (tipo reducido) ao 21% (tipo xeral): entradas de cine, teatros, salón de peiteado, flores vivas, restaurantes con espectáculos...


**Recadación líquida polo IVE en 2011: 49.302 millóns de euros**

Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...

Explicar que son impostos indirectos. Poñer exemplo de comprar un determinado artigo por persoas de distintos ingresos. Exemplo: Un xogador famoso de fútbol compra un libro, un dos alumnos tamén compra o mesmo libro e un parado, preguntar se todos pagarían o mesmo IVE. Preguntar se o tipo xeral do IVE en España é alto, baixo ou medio.



## Imposto sobre o valor engadido



Departamento/ Servicio de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...

Con factura ou sen factura? Ou o que é o mesmo: Con IVE ou sen IVE?

Poñelos na situación de que están independizados e necesitan chamar un fontaneiro. No suposto, o alumno xa traballa e paga impostos polo seu traballo. O fontaneiro, se se lle di sen IVE, non pagará polo seu traballo, o que é inxusto. Ademais o cliente non terá factura e non poderá reclamar en caso de que sexa necesario. O que non pagan outros, témolo que pagar os demais. Algúns profesionais prefiren traballar sen cobrar o IVE. Que farías ti unha vez coñecida a explicación se tes que chamar un fontaneiro para que che faga un traballo?

**Tipo xeral 21%:**

**Roupa e zapatos**



**Espectáculos,  
discotecas,  
concertos...**



**Informática e Electrónica**



**Flores**



**Música e películas**



**Tabaco e  
Alcohol**



**Motos e coches**



**Colonias e  
cosméticos**



**Tipo reducido 10%:**

**Alimentos**



**Lentes, lentes de  
contacto...**



**Libros, xornais,  
revistas**



**Medicamentos  
uso humano**



**Pan, leite,  
ovos, froitas,  
verduras...**



**Tipo superreducido 4%:**

Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...



### Tipos Impositivos de IVE en Europa

Os tipos van do 15%, Luxemburgo e Chipre, Romanía:24%, Noruega:25%, ao 27% Hungría

PAÍSES	TIPO XERAL %	TIPOS REDUCIDOS %
 ESPAÑA	21,	10 e 4
 PORTUGAL	23	Do 6 ao 13
 GRECIA	23	13 e 6,5
 ITALIA	21	10 e 4
 IRLANDA	23	Do 9 ao 13,5.E o 4,8
 FRANCIA	19, 6	7;5,5 e 2,1
 BÉLXICA	21	Do 6 ao 12
 ALEMAÑA	19	7
 PAÍSES BAIXOS	19	6
 SUECIA	25	12 e 6
 DINAMARCA	25	Non hai
 REINO UNIDO	20	5

Outros tipos de IVE: Colombia:16%, Ecuador:12%, Perú:18%, Argentina: 21%, Bolivia:14,94%, Chile:19%, Uruguai:22%, China:17%, India:12,5%,Turquía:18%, México:16%, Sudáfrica:14%, Ghana:3%.Exipto:10%, Rusia:18%

Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...

Ler os tipos xerais do IVE en Europa. Favorecer o debate sobre a contía destes tipos. Como adoita haber alumnos sudamericáns, na diapositiva están os tipos do IVE ou similares que hai nalgúns países, e tamén algún africano.





## Impostos directos

### Imposto sobre a renda persoa físicas (IRPF)

- **Obriga de declarar** (Un pagador: A partir dos 22.000 euros. Dous pagadores, a partir de 11.200 euros, a excepción 2º e restantes non supere 1.500 euros).
- **Exencións** (Despedimentos improcedentes ata 33 días/ano traballado, máximo 24 mensualidades. Bolsas públicas para estudos regulados, con límites 3.000, 18.000, 21.600 euros. Bolsas para investigación. Paro en pagamento único para ser autónomo cinco anos...)
- **Deducións** (Autonómicas e estatais. Por investimento, rehabilitación e aluguer en vivenda. Donativos...)
- **Compartido coas comunidades autónomas (50%)**
- **Programa PAI**
- **BORRADOR**

Número de declaracións do IRPF presentadas Campaña 2010: **19.312.396**

Recadación líquida polo IRPF en 2010: **66.977 millóns de euros**

*Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...*

Explicar a diapositiva



## Esquema liquidación IRPF - I

### ▪ Renda do Contribuínte

- **Rendementos traballo**
- **Rendementos C. Inmobiliario** (Rendementos arrendamentos urbanos e rústicos)
- **Rendementos C. Mobiliario art. 25.4** (Propiedade intelectual non autor, propiedade industrial e asistencia técnicas non afectas AE...)
- **Rendementos Actividades Económicas**
- **Imputacións Rendas** (2% s/ VC inmuebles ou 1,1% VC revisados)
- **Ganancias Patrimoniais No Transmisións** (Premios en metálico ou en especie, subvencións...)
- **Rendementos Capital Mobiliario** (Intereses, dividendos... Exención ata 1.500 euros)
- **Ganancias Patrimoniais Transmisións**

Explicar a diapositiva



## Esquema liquidación IRPF - II

- **Base imponible xeral**
  - Reducións
- **Base imponible do aforro**
  - Remanente só das seguintes reducións: tributación conxunta, pensións compensatorias e alimentos non fillos e redución por cota de filiación a partidos políticos.
- **Base liquidable xeral**
  - **A:** por tipo aplicable (estatal e autonómico) escala progresiva
  - **B:** mínimo persoal e familiar. Por tipo aplicable (estatal e autonómico)
- **Base liquidable do aforro**
  - **C:** por tipo aplicable (estatal e autonómico) tipo fixo
  - **D:** remanente de mínimo persoal e familiar. Por tipo aplicable (estatal e autonómico)

$$(A-B)+(C-D) = \text{Cota íntegras (Estatal e Autonómica)}$$

Explicar a diapositiva. Unha vez finalizada a explicación do IRPF, co matiz de que pagan máis os que máis teñen, pasamos a comparar os dous impostos principais, IVE e RENDA. IVE é indirecto e as subas afectan a todos por igual, e Renda, indirecto, e as subas non afectan a todos por igual. Preguntar que é máis xusto na súa opinión, subir o IVE ou os indirectos, ou subir os impostos directos. Debater.

## O público é de TODOS



VANDALISMO



### Vexamos un exemplo: Zaragoza

- Zaragoza gasta uns 3 millóns de euros en reparar estragos por vandalismo. Só por graffiti: 1,3 millóns. Limpeza botellón: Máis de 200.000 euros. Reparar bancos, papeleiras e outros: Máis de 200.000 euros.
- Un colector custa 700 euros. En Zaragoza en 2010 quedaron inutilizados 385 (unha media de 22.500 euros ao mes). Unha papeleira custa preto de 300 euros. Os xogos infantís nun parque, 30.000 euros. Os cristais dunha marquesiña de bus: 400 euros.
- O pavillón deportivo Século XXI do Actur custou 22 millóns de euros. Un novo instituto máis de 5,5 millóns. O centro de saúde, 6,6. O centro deportivo, 10 millóns. A ampliación do Museo Pablo Serrano, máis de 23 millóns. As festas do Pilar de 2010 custaron 1,7 millóns de euros. En 2011, 1,4 millóns. O servizo de bombeiros custa 34 millóns de euros anuais. Instalar rede wifi municipal: 3,5 millóns. Zaragoza subvenciona con 25 millóns a actividade nos centros deportivos e 40 millóns o bus.

Que podes facer ti para que a túa cidade estea máis limpa e sen incivismo?

Departamento/ Servicio de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...

O déficit público pódese combater aumentando ingresos e/ou reducindo gastos. Ademais de perseguir a fraude fiscal por razóns legalidade, xustiza e equidade, e para poder obter máis ingresos e así poder pagar os servizos públicos e mellorar o Estado de Benestar, hai outra forma de obter recursos. A diapositiva "O público é de todos", demóstranos que cada un dos cidadáns podemos facer moito para contribuír a mellorar as contas públicas. Supoñer o caso de que un alumno deixa a outro o seu ordenador, romperíallo? Por que non? Un rompería o seu propio ordenador por que se? Por que non? Esas preguntas fáiselles a eles. Se no primeiro caso, non o rompería porque non é seu, e no segundo precisamente porque o é, é seu, pola mesma razón se debe tratar de igual forma ao mobiliario e ás instalacións do instituto e ao mobiliario e instalacións urbanas públicas (parques, farois, bancos, hospitais, colectores...), xa son de cada un deles e de todos. Dobre motivo para coidar o que é de todos e de cada un.

Que tres alumnos ou os que sexan lean os tres parágrafos. Facer fincapé que a falta de recursos empeora algúns servizos (suba prezo autobús, redución de frecuencia ou supresión de liñas, redución horarios bibliotecas, empeoramento da limpeza...) Se evitamos gastos por vandalismo podemos aforrar eses custos tan lamentables e ter máis diñeiro para as demandas cidadás que nos afectan na vida diaria.

## Fraude fiscal:prexudícate a ti e a todos

### EMBARGOS E POXAS



- **Como se actúa contra a fraude fiscal?**  
Dilixencia importe débeda, intereses, recargas
- **Delito fiscal:** Fraude á Facenda estatal, foral, autonómica ou local. Cota defraudada ou beneficios fiscais indebidos superiores a 120.000 euros
- **Condena:** Pena de prisión de 1 a 5 anos e multa do tanto ao séxtuplo do defraudado
- **Embargos:** Efectivo. Diñeiro en contas bancos e caixas. Créditos e valores. Soldos e pensións. Bens inmobles. Outros...
- **Bens:** Motos, coches, Inmobles...
- **Por Internet:** [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es)

*Departamento/ Servizo de..., Delegación Especial /Delegación de..., Administración de...*

Preguntar se saben que facemos cos defraudadores. Deixar que o expliquen eles todo. Se non saben, facelo nós. Entrar en internet para explicar a ruta para as poxas. Ensinarlles como se pode participar nelas e en fotos de bens a subhastar que poidan ser atractivos para os alumnos.

1. Tamén existe fraude contra a Seguridade Social, contra as Comunidades Europeas, contable, etc.
2. Que se a débeda está garantida (p. ex. incumprimento dun aprazamento ou fraccionamento) o primeiro que se executa é a garantía, salvo en determinados casos do art. 168 da LGT.

Así mesmo, salvo acordo entre Axencia e obrigado tributario existe unha orde de prelación para embargar e allear bens, e que os últimos son os que están no domicilio das persoas. Non só das persoas físicas senón tamén das xurídicas.



## Programa de Educación Cívico-tributaria



[www.agenciatributaria.es/educacioncivicotributaria](http://www.agenciatributaria.es/educacioncivicotributaria)

Delegación Especial de Aragón

Esperamos que agora teñades máis claro para que serve pagar impostos e **RECORDA:**

"Todos temos necesidades individuais, que satisfacemos cada un co noso diñeiro, pero ademais temos outras colectivas, que un a un non poderíamos pagar. Para iso, realízanse achegas a un fondo común. Estas achegas fanse fundamentalmente mediante o pagamento de impostos. Con eles cóbrense os gastos precisos para establecer e manter os servizos públicos que necesitamos e queremos ter para gozar dunha mellor calidade de vida."



**Agencia Tributaria**

**[www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es)**

CONTRAPORTADA